

I. DISPOSICIÓN XERAIS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Decreto 124/2006, do 20 de xullo, polo que se derroga parcialmente o Decreto 427/2001, do 11 de decembro, polo que se aproba o texto do Regulamento de funcionamento interno dos centros de reeducación para menores e mozos sometidos a medidas privativas de liberdade.

O día 13 de xaneiro de 2001 entrou en vigor a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, prevíndose no seu articulado o seu desenvolvemento regulamentario.

En vista da ausencia do dito desenvolvemento regulamentario, e ao abeiro das posibilidades ofrecidas pola Lei 5/2000 na disposición derradeira sétima, onde se establece no seu punto segundo que «durante o prazo mencionado no punto anterior, as comunidades autónomas con competencia respecto á protección e reforma de menores adaptarán a súa normativa para a adecuada execución das funcións que lles outorga esta lei» aprobouse na Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 427/2001, do 11 de decembro, polo que se aproba o texto do Regulamento de funcionamento interno dos centros de reeducación para menores e mozos sometidos a medidas privativas de liberdade, que ten por obxecto, como se pon de manifesto no seu artigo 1º «a regulación da execución pola Comunidade Autónoma de Galicia, das medidas privativas de liberdade e medidas cautelares de internamento que se impoñan polos xuíces de menores, de conformidade coa Lei orgánica 5/2000, e da actividade interna dos centros de reeducación para menores da Comunidade Autónoma de Galicia nos que vaian executarse as ditas medidas». Este decreto supón por outra banda un certo desenvolvemento das disposicións recollidas na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, que no capítulo IV trata dos menores en conflito social e dos centros de reeducación.

Posteriormente o 30 de agosto de 2004 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* o Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que entrou en vigor o 28 de febreiro de 2005, e que pretende abordar un desenvolvemento parcial da devandita lei no referente a tres materias concretas: a actuación da Policía Xudicial e o equipo técnico, a execución das medidas cautelares e definitivas e o réxime disciplinario dos centros.

Non obstante, en materia de organización e funcionamento dos centros ao ser unha cuestión non regulada polo Real decreto 1774/2004 na súa totalidade, considerase apropiado manter a vixencia do título V do Decreto 427/2001 para atender a cober-

tura da materia, para que xunto co Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16 de agosto) e a Orde de 1 de agosto de 1996 (DOG nº 168, de 28 de agosto), sen prexuízo da realización dunha revisión do tratamento da materia no actual marco normativo da comunidade autónoma galega.

En consecuencia, unha vez que entra en vigor este regulamento desaparece a motivación que levou á aprobación do Decreto 427/2001, coa excepción do título V, polo que, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de acordo co ditame do Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de xullo do dous mil seis

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Queda derogado o Decreto 427/2001, do 11 de decembro, polo que se aproba o texto do Regulamento de funcionamento interno dos centros de reeducación para menores e mozos sometidos a medidas privativas de liberdade, salvo o disposto no punto seguinte.

2. Sen prexuízo da lexislación vixente na materia, mantense en vigor o título V do mencionado Decreto 427/2001, do 11 de decembro, mentres non se aprobe unha nova regulación.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafetarías da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro no devandito decreto, publicado no DOG nº 133, do 11 de xullo de 2006, procede facer as seguintes correccións:

Na páxina 11.127 onde di: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... a) Restaurantes de cinco garfos ou luxo. ... 6. ... Máis de

50 prazas: por cada 25 prazas máis ou fracción, un lavabo máis ou un inodoro máis por cada un», debe dicir: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... a) Restaurantes de cinco garfos ou luxo. ... 6. ... Máis de 50 prazas: por cada 25 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Na páxina 11.128 onde di: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... b) Restaurantes de catro garfos. ... 6. ... Máis de 60 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis ou un inodoro máis por cada un», debe dicir: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... b) Restaurantes de catro garfos. ... 6. ... Máis de 60 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Na páxina 11.128 onde di: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... c) Restaurantes de tres garfos. ... 5. ... Máis de 60 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis ou un inodoro máis por cada un», debe dicir: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... c) Restaurantes de tres garfos. ... 6. ... Máis de 60 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Na páxina 11.129 onde di: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... d) Restaurantes de dous garfos. ... 5. ... Máis de 75 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis ou un inodoro máis por cada un», debe dicir: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... d) Restaurantes de dous garfos. ... 6. ... Máis de 75 prazas: por cada 50 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

Na páxina 11.129 onde di: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a categoría... e) Restaurantes dun garfo. ... 4. ... Máis de 100 prazas: por cada 75 prazas máis ou fracción, un lavabo máis ou un inodoro máis por cada un», debe dicir: «Artigo 6º.-Requisitos dos restaurantes segundo a cate-

ría... e) Restaurantes dun garfo. ... 6. ... Máis de 100 prazas: por cada 75 prazas máis ou fracción, un lavabo máis e un inodoro máis por cada un».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 12 de xullo de 2006 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas, en virtude da Orde do 13 de febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia.

En virtude das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribuídas polo Decreto 578/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de acordo co disposto no artigo 6.3º da Orde do 13 de febreiro de 2006, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia, e no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, procédese á publicación das subvencións concedidas por Resolución do 11 de xullo de 2006 do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A relación de subvencións concedidas atópase no anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Concesión de axudas aos seguintes concellos de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.123C.760.0.
Provincia: A Coruña

Concello	Obra	Ano 2006	Ano 2007	Ano 2008	Ano 2009	Ano 2010	Total
Ames	Acondicionamento locais para creación de oficinas municipais de atención veciñal	20.000	10.000	25.000	10.000	75.000	140.000
Aranga	Construción nova casa do concello	20.000	20.000	20.000	20.000	200.000	280.000
Arteixo	Acondicionamento e equipamento dos departamentos de xuventude e educación	9.000					9.000
Arteixo	Equipamento centro social de Meicende	5.000					5.000
Arzúa	Substitución de carpintería exterior e dotación equipamento mobiliario e informático	6.000					6.000
Bergondo	Equipamento mobiliario para edificio de servizos sociais, emprego, formación, promoción económica e turismo	10.000					10.000
Betanzos	Mellora e acondicionamento do edificio de servizos administrativos Liceo	35.000	15.000	15.000	10.000		75.000
Boimorto	Equipamento mobiliario e informático da casa do concello	5.000					5.000